



o larchán 21

O larchán

EL

Marrón como o teu pelo
Carne como a túa pel
Branco como as túas lágrimas escuras
Vermello como o teu corazón
Laranxa como o teu sorriso
Azul como a túa bonita mirada
Amarelo como a túa amabilidade
Negro como teu cariño
Rosa como o teu respecto
Lila como a túa admiración
Fucsia como o teu encanto
Gris como a túa alegría

Zaida Villanueva, 1º ESO

A BOLBORETA

Rosa
bolboreta hoxe escola
A foi á
con
E aprendeu a t
a
r
E tamén a ler
Na amigas
hora suas
do coas
recreo xogou á corda

Manuela, Candela e Rosario

Aitana Fresco, 1º ESO

O meu primeiro ano no instituto

Vou intentar contarvos un pouco a miña experiencia no primeiro ano do instituto. O primeiro día estaba moi nerviosa, xa que comezaba unha nova etapa para min. Ao principio, ata o meu tutor me causou unha impresión rara, pero o transcurso do curso fixo que a miña opinión cambiara. Na miña clase eramos bastantes, pero a maioría coñecidos.

O primeiro trimestre foi demasiado longo, pero supoño que é normal; todo era novo os compañeiros, profesores, materias, horarios... Coñecín a todos os profesores e a verdade non me podo queixar.

Pensaba que o instituto era como as películas americanas, máis ou menos, pero logo, co tempo fun vendo que non era así, ao menos neste. A veces pasámolo moi ben, como cando baixamos ao ximnasio a xogar ao fútbolín, ao ping-pong, ou cando baixamos ao patio e xogamos ao fútbol.

Só quería que as próximas xeracións que viñeran para o Instituto non tiveran medo de nada, de empezar nada novo, porque é unha tontería. Eu estou aquí xenial, a verdade non me gustaría cambiar.

Nuria Vázquez. 1º ESO

I CERTAME LITERARIO DE RELATO BREVE DIA DO LIBRO 2013

Relato gañador do 1º ciclo da ESO

UNHA TESTEMUÑA OCULTA

Andrea Fernández Martiñán 2º ESO

Ela estaba convencida de que non existía forza no mundo capaz de impedir aquel encontro. O único que desexaba era poder velo e deixar as cousas claras, aínda que el non tiña nin idea do que sucedía nun o que ía suceder.

Aldara era unha boa rapaza: cariñosa, carismática, de bos estudos, algo tímida eran moi poucos os seus defectos, pero a pesar diso a súa vida xogáballe unha mala pasada. A súa avoa, a máis querida, estaba enferma, e tiña mal a máis familiares.

Estaba a pasar por unha moi mala racha, pero ninguén o sabía porque sempre estaba sorrindo e sempre procuraba esquecerse dos seus problemas. A única que sabía o que lle estaba a suceder era a súa mellor amiga, Carina, que sempre a estaba apoiando, e á que sempre apoiaba Aldara. O que máis lle importaba era un rapaz chamado André, ao que lle gustaban moito os deportes.

Ela e mais el coñecíanse e era amigos, pero ela sentía algo por el que a levaba a querelo máis que aos outros amigos. Víanse todos os días no instituto, pero era sempre o mesmo, un saúdo por parte de cada un e unha breve charla. Pero agora apenas se vían porque estaban nas vacacións de verán. Levaba tanto tempo namorada del que non puido resistir a tentación de citalo.

Hoxe, día sete de xullo, era o día no que lle ía dicir o que sucedía. Eran case as cinco e Aldara rematara de enfeitarse e vestirse, estaba a punto de saír pola porta, cando de súpeto lle entrou unha mala sensación, pero a pesar diso abriu a porta e comezou a camiñar pola rúa, en cada paso que daba sentíanse máis contenta e máis animada. Xa intentara dicirllo algunha que outra

vez, pero sempre sucedía algo que llo impedía. Esta vez ía saír todo ben e non ía botarse cara a atrás, estaba completamente decidida.

Xa era o momento, estaba moi preto da rúa na que acordara verse con André. Nese intre ao lonxe conseguiu captar unha silueta dun rapaz da súa idade, alto, corpulento e percatouse de que era el o mesmo en carne e óso. Íase achegando a el cando de súpeto a silueta comezou a camiñar de forma que cada vez se encontraba máis distante. Comezou a inquietarse e en cada segundo que pasaba o seu paso aceleraba, a medida que ela apuraba a silueta tamén o facía, ata que nun intre a súa vista xa non a volveu a percibir.

Non sabía que facer así que colleu e sentou na beirarrúa. Ía pasando o tempo e permanecía inmóvil. Eran case as oito e xa non resistiu máis, ergueuse e volveu á casa. Polo camiño púxose a cavilar e decatouse de que xa pasara moito tempo dende que sentía algo por André e decidiu pasar páxina, dende aquel día sete de xullo de dous mil doce non volveu ter noticia del. Definitivamente pasara páxina.

Concluíron tres anos sen que ningún rapaz chamara a súa atención tanto como fixera André. Ata que un día coñecer a un rapaz no seu instituto chamado Leo, co que se levaba moi ben. Co paso do tempo este namorouse de Aldara e un día decidiuse a dicirllo. Aldara sorprendérase, pero decidiu que non quería ser a súa moza, que era o seu mellor amigo e que ninguén podería cambiar iso no mundo, nin sequera el. Co tempo, a mellor amiga de Aldara, Carina, tamén se levaba moi ben con Leo, se cadra comentáralle algunha vez a Aldara que cría que sentía algo por el

aínda que moi segura non estaba.

Aldara apreciaba moito a súa mellor amiga e decidiu intentar xuntalos. Pasaran un par de semanas dende uqe a este se lle ocorrera xuntar aos seus mellores amigos, custáballe moito, pero Aldara guiábase por unha típica frasiña que ela mesma deducira: "vo tempo e coa paciencia consegues máis que coa pura ciencia".

Se cadra esta frase en moitas ocasións tivera moita razón, e esta era unha delas. Ao final o seu obxectivo deuse por finalizado; conseguiu xuntalos, iso si, como moito tempo e con moita paciencia. O pouco tempo dende que os seus amigos estaban de mozos pasáranos moi ben, tanto Leo como Carina e Aldara. Dende entón Aldara pensou que a ela non lle facían falla máis mozos de momento, todo ía ben sen ningún, aínda que moi ben non.,

Encontrábase no seu dormitorio, e unha vez máis comezou a cavilar. Voltou a pensar na súa querida avoa, e pensou: "que sería dela?; pensou nun dos seus tíos e voltou a preguntarse: "que sería del?": seguiu pensando en máis familiares aos que tamén tiña mal. Cando rematou con todos tamén rematou as súas preguntas que aínda se encontraban incompletas: "que sería de todos eles dentro dun tempo?" Nese mesmo intre ela comezou a notar unha extraña sensación, de súpeto polas súas meixelas comezaron a esvarar unhas pequenas gotas de auga que procedían dos seus ollos, e Aldara preguntouse: "estou chorando?", e unha voz no seu interior respondéralle que si, que ata agora nunca o fixera e que precisamente agora tampouco tería por qué facelo.

Esas extrañas gotas de auga agora xa non eran ex-

trañas, eran coñecidas, eran bágoas, bágoas que agora esvaraban con máis rapidez e máis abundancia. Aldara limpounas e dixo para si mesma en voz baixa que esas bágoas non voltarían, non o ía permitir. Esa sería a súa propia promesa dende entón.

Ergueuse da cama e dirixiuse cara ao armario que se encontraba ao seu carón, colleu a roupa e cambiouse, despois diso avisoulle a súa nai de que marchaba e que ata a noite non volvía. Aldara tiña bastantes plans para esa tarde: en primeiro lugar foi á casa da súa avoa, coa que estivo dúas horas, logo foi visitar aos seus tíos; estivo unha hora con cada un deles, e por último foi á casa da súa tía. Esta tarde non podía mellorar. De volta para a casa colleu pola rúa na que había tres anos citara a André. Aquilo resultáballe familiar, comezou a distinguir unha silueta, coma na tarde na que se ía ver con André. Ela pensou que podería ser o mesmo rapaz, forte, alto pero de súpeto toda esa esperanza desvanecese da súa mente. A silueta comezou a correr, pero desta vez cara a ela. Pouco a pouco íanse notando máis as cousas: a cor vermella da súa camiseta, a cor negra dos seus pantalóns finalmente Aldara recoñeceuno; era André. Ambos achegáronse e estiveron un tempo falando, e finalmente André díxolle a Aldara todo o que sentía por ela. Os dous acabaron sendo mozos. Hoxe día cinco de maio de dous mil catorce pódovos asegurar que Aldara cumpriu a súa promesa.

Deseño: Cristina Galiñanes 1º eso



Relato gañador do 2º ciclo da ESO

SABELA

Laura Dámaris Abalo Fernández, 3ºESO

Ela estaba convencida de que non existía forza no mundo capaz de impedir aquel encontro.

CAPÍTULO I

Facía xa dous anos que Sabela deixara o instituto, con todos os seus amigos, aqueles profesores que tanto lle gustaban, aquelas cadeas tan incómodas, todos os seus recordos, a súa adolescencia ... Pero todo iso non lle importaba xa, despois de todo o sucedido naquel último ano, non tiña tempo nin para ter morriña.

-Sabela, achégame aqueles pratos, imos poñer a mesa.

-Non me amoles oh, acabo de chegar e xa me estás facendo traballar. ..

-Cres que teu pai estaría contento ao ver a túa actitude?

-O meu pai, o meu pai. .. Xa estou farta de que poñas iso como excusa para todo.

O pai de Sabela morrera xa hai 6 meses, pero ela non quería crer que non o volvería a ver. Estaba aferrada a esa ilusión, onde o seu pai aínda estaba xunto a ela, e aquel maldito camiión non pinchara aquela roda facendo de toda a súa vida un pesadelo .. .

Dende que aquilo pasou, María, a súa nai, parecía allea a todo, o único que sabía facer era berrar e cociñar, e Sabela non soportaba aquela situación.

CAPÍTULO II

Era xa pola mañá cando Sabela saiu a dar una volta pola praia. Aquel era o único lugar no que podía olvidarse de todo e soamente centrarse no inmenso mar que semellaba non ter fin. E é que estaba tan mergullada nese mar, que non se decatou da bici que viña cara ela, e no canto dun segundo acabou deitada no chan, xusto á beira dun rapaz que non paraba de fitala.

-Oh meu deus, perdoa, ía tan distraída que non me decatei. ..

-Tranquila, eu tamén estaba no meu mundo. Agora teño a obrigaçión de sabelo teu nome, non quero irme sen coñecer a persoa que case mando ao hospital ...

Era un rapaz moi guapo, non imos mentir. Tiña uns ollos castaños e grandes que non paraban de incomodar a Sabela, e que destacaban na súa pel branca e o seu cabelo loiro.

-Emm, claro. Chámome Sabela, e ti? - Atreveuse a dicir cun fio de voz.-

-Brais, encantado.

-És de por aquí? Non te lembro, e iso é algo estraño nun pobo tan pequeno coma Vilagarcía ...

-Tes bo ollo, eh? Pois non, son de Chantada. Veño este verán de vacacións e decidín saír a "explorar" a cidade, e como en Chantada é tan difícil atopar a praia, decanteime por visitar esta zona.

Sabela non foi capaz de disimular o sorriso que lle provocou aquel comentario, e comezou a morderse as uñas, como sempre facía cando non sabía que dicir.

-Pois mira -rompeu o silencio Brais-, xa que fai tanto calor vou mercar uns xelados, e non acepto unha negativa, que case me costas a miña bici. E así comezou todo, os seus

encontros foron sendo cada vez máis típicos, ata que chegou un momento no que semellaba que se coñecían desde fai anos, aínda que na realidade so pasara un mes. Grazas a Brais, Sabela cambiara por completo, e a pesadela na que vivira ata aquel entón convertérase nun soño do que non quería espertar. Pero os soños rematan.

CAPITULO III

Quedara as catro e media na praza de Galicia con Brais, e cando ela o viu chegar notou que a súa expresión non era a de sempre, algo pasaba.

-E esa cara? Pásache algo? -Preguntoulle Sabela.-

-Teño algo que contarche Sabela. Recordas cando nos coñecemos hai xa dous meses?

-Claro, por?

-Pois, se non me lembro mal, eu dixera que viña de vacacións, e esas vacacións ... xa .. . xa remataron. Volvo para Chantada ...

-Que? Non, iso non pode ser. Pero se semella que aínda foi onte cando nos atopamos! Non pode ser que te vaías así de súpeto!

-Levo xa unha semana pensando en como cho ía dicir, non quero marchar, quero quedar contigo, pero non podo.

E despois dunha amarga despedida, desapareceu. Brais chegara tal coma un soño, e así marchara. Todas esas ilusións que Sabela tiña xa non aparecían por ningunha parte, soamente quedaba a dor que lle provocara a súa marcha, e foi nese momento cando se decatou de que esa dor non era outra cousa que amor.

E así foron pasando os días, as semanas ... Todo o que antes lle provocaba alegría, agora so lle recordaba a Brais.



Deseño: Lara Pesado 1º ESO

CAPITULO IV

Pasaran xa varios meses. O recordo do seu pai convertérase nunha cousa imprescindible para ela, algo que lle facía sentir que sempre estaría preto dela axudándoa en todo. Xa non era algo que temer.

A súa nai semellaba outra, a súa relación mellorara considerablemente, sobretodo desde que Laura, a irmá de Sabela que vivira ata aquel entón en Sevilla, se mudara con elas dúas. As cousas ían mellorando pouco a pouco, pero Sabela aínda necesitaba algo, e ese algo era Brais.

CAPÍTULO V

Eran xa as seis da tarde cando Sabela decidiu dar un paseo con Laura pola praia. Algo empuxara a Sabela a recorrer a praia como tantas veces, pero ese algo non era normal, era como se algo a esperase na Compostela e nada nin ninguén puidese evitar aquel encontro.

-Sabela, por deus, vai un pouco máis amodo. Eu non estou acostumada a estes ritmos eh?

-Perdoa Laura, teño como certa necesidade de correr e liberar presións.

-Pufff, pois vaite ti adiantando, eu quedo neste quiosco tomando un xelado, xa te collerei.

-Como queiras, quedamos alí ao final do paseo.

Levaba xa correndo uns trinta minutos cando tivo que parar para beber. Aquela auga estaba moi fría e por riba detrás de Sabela estaba un mozo, e a ela non lle gusta nada que a fitasen mentres bebía. Cando rematou de beber, decidiu sentarse a esperar a Laura, aínda que xa sabía que tardaría o seu en chegar.

-Queres que te convide a un xeado? Semella que tes fame.

Entón foi cando Sabela mirou cara aquela voz que tan rara lle resultaba. Non foi capaz de articular palabra xa que, aquela voz, era Brais. Levantouse de súpeto e abrazouno.

-Pódese saber que fas por aquí? Vindes de novo de vacacións?

-De vacacións ... de continuo.

Brais explicoulle a Sabela que desde aquel entón viviría coa súa familia en Vilagarcía, xa que desde que viñeran de vacacións a súa nai quedara prendada da cidade. E, sobre todo, Brais quedara prendado de Sabela.

CAPITULO VI

A partires de ese momento, Sabela e Brais fixéronse mozos. Sabela estaba feliz, xa que sabía que o seu pai estaría contento de que ela atopara a felicidade xunto a Brais, un mozo perfecto para ela e que non podía encaixar mellor coa súa familia. Todo iba como tiña que ir, e así, un pequeno accidente na praia converteuse na maior historia de amor que Vilagarcía vivira.

Deseño: Lorena Mariño 1º eso



Relato gañador de Bacharelato e Ciclos

UNHA CELA DE LIBERDADE

Tania Otero Romero, 2º BAC

Estaba convencida de que non existía forza no mundo capaz de impedir aquel encontro. Dende que separan a Lizzy do seu compañeiro había dez anos , ela non se rendiu para encontra lo. Todo comezara un inverno de 1998. Unha organización mundial localizada en Rusia, acollía a varios nenos. Estes, acollidos polos federais nunha misión secreta, foran levados á sede desa organización. O seu propósito era convertelos en armas letais, entrenándoos desde moi xoves.

Entre os centos de nenos que pararon nese lugar encontrábase Elisabeth McOg, Lizzy. Ao igual que todos, Lizzy foi levada a unha cela, que consistía nunha habitación branca con dúas ventás con reixas, unha cama individual, una gran armario empotrado, unha mesa, dúas cadeiras e algúns utensilios. Ademais, tiña incorporado un baño, para que

non tiveran que saír de alí. Estas, eran compartidas cada unha por dous nenos.


A Lizzy tocoulle con Kael. Ao igual que ela, Kael era un irlandés, cun pelo tan louro, como negro era o dela. Pero os ollos, eran semellantes. Negros e profundos.

A verdade, tiñan moito máis en común. Os dous tiñan unha nai de ascendencia española, o que explicaba a cor dos seus ollos. Mais, no carácter eran completamente diferentes.

Lizzy era unha nena doce, sociable, que tendía a ser asoballada polos demais debido ao seu carácter displicente e garimoso. Pese a ter só seis anos, sabía moitas cousas e xa tiña unha liña ideolóxica propia. O que máis destacaba dela, era a súa predisposición a axudar a todo o que a necesitase, sentíndose feliz por poder axudar e ser axudada.

Sen embargo, Kael, era completamente dife-

Deseño: Daniel Pena 1º eso



rente. Taciturno e indiferente a todo o que ocorría ao seu arredor, parecía detestar o mundo e canto había nel. Apenas falaba, pero cando o facía ollaba para o interlocutor como se fose unha pedra (igual ca todos e sen nada especial).

Ela deuse de conta en canto o viu de que non quería tratar con ninguén, así que durante os primeiros días só lle falaba o necesario. A comida traíalla un home que se negaba a contestar as preguntas e simplemente deixábaa no chan. Kael deuse conta do comportamento de Lizzy e acabou por ter curiosidade por esa nena máis pequena ca el, que lle deixaba o espazo que quería sen sequera ter que pedilo, vendo máis alá del.

Pese a ter só sete anos, Kael tivera unha dura infancia. Cunha intelixencia superior ca da maioría, e uns pais que non facían caso del, pasou o tempo lendo libros e aprendendo todo o que podía. O seu coñecemento, xunto co acoso no colexio, en menos de un ano acabou por odiar a toda a humanidade, a sociedade. A súa vida, en fin. Cando chegou a cela, detestaba a súa vida.

Despois de tres días, resultaba tedioso estar sen facer nada así que volveuse cara ela e dixo en tono brusco:

-Sabes xogar o xadrez?

Lizzy non sabía xogar o xadrez, pero quixo aprender. Era moi boa alumna e, para sorpresa de Kael, era moi divertido ensinar a alguén coma ela. Desta forma, comezou a

xerminar a confianza entre eles. El contoulle a súa vida a Lizzy e, ela, a el.

Déronse conta de que os dous detestaban a súa vida. Nesa pequena cela, encontraron a verdadeira felicidade, o amor, pese a súa idade, e a outra persoa que comprendía a súa dor.

Sen embargo, en 1999, as forzas de seguridade do mundo, conseguiron dar con eles, de forma que cada un tivo que irse coa súa familia. Deberían sentirse felices, mais ... Lizzy sentiu como se lle arrancaran o corazón. Cómo podía seguir a súa vida se o único que lle facía feliz non estaba con ela? Non, ela era incapaz de pensar en outra cousa que non fora volver con el. Non era capaz de aprender sen que as palabras, tiveran o doce son da súa voz, só quería aprender ao lado del. Non quería ter éxito, unha casa .. nada lle facía feliz máis ca estar ca única persoa coa que sentira que había un sentido para vivir.

E por fin, despois de dez anos o localizara. Vivía nun piso de luxo en pleno centro de Dublín. Daba igual que tivera que coller un avión, que tivera que gastar todos os aforros conseguidos traballando a media xornada. O encontraría, e por fin, dende os seis anos, volvería a sentir o que realmente é querer á vida.

Deseño: Aitana Fresco 1º eso



Os premios LEIXAPRÉN son unha iniciativa da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística para premiar o uso da nosa lingua nos diferentes ámbitos da sociedade. O noso centro escolleu, a través dunha votación aberta a toda a comunidade educativa en cotarelo.ga ao ciclista vilagarcián Gustavo César Veloso. O gañador final, en toda Galicia foi Gomez Noya. Aí tes unha semblanza dos candidatos e candidatas

Ciclista profesional. Comezou a súa carreira con innumerables vitorias como corredor afeccionado. Na súa etapa profesional, iniciado en 2001 pasou por diferentes equipos do Estado Español e Portugal, até que en 2007 ingresou no único equipo galego deste rango, o Karpin Galicia, despois Xacobeo Galicia. Nesta xeira, obtivo os seus mellores trunfos, vencendo na Volta a Catalunya 2008 e acadando a novena etapa da Volta a España 2009. Hoxe en día forma parte do equipo profesional portugués FM Valongo.

Gustavo utiliza habitualmente a lingua galega, tanto nas súas manifestacións públicas e en medios de comunicación, como nas numerosas charlas e coloquios aos que é convidado, especialmente nos centros de ensino galegos ou asociacións e centros culturais.

Gustavo César Veloso



Javier Gómez Noya



Fillo de emigrantes galegos, criouse na cidade de Ferrol, onde reside, e adestra en Pontevedra, onde está o Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Triatleta de enorme prestixio mundial, é un dos maiores referentes do deporte galego na actualidade. Participou nos Xogos Olímpicos de Pekín e de Londres, en 2012, onde acadou a medalla de prata. Foi campión do Mundo en tres ocasións, as mesmas que foi tamén campión europeo. Pertence ao Club de Triatlón Cidade de Lugo Fluvial.

Gómez Noya utiliza o galego habitualmente en medios de comunicación, charlas e manifestacións públicas, e ten defendido publicamente o valor e importancia do uso da nosa lingua.

Criouse na cidade da Coruña. Foi xogadora de balonmán e de fútbol. Comezou como futbolista en 1976 no histórico Karbo CF da Coruña, co que acadou tres campionatos de España. Tamén xogou no Marabillas e no Brigantium. A súa carreira como adestradora de fútbol desenvolveuna nos clubs Orzán e Imperator, e actualmente dirixe o clube Victoria. Foi designada adestradora de da selección galega de fútbol feminino, disputando dende aquela varios encontros internacionais. Firme defensora do deporte feminino, e presidenta e fundadora da Asociación de Mulleres Deportistas de Galicia.

Criada nun ambiente social e familiar no que o galego estaba acente, desenvolve actualmente toda a súa vida persoal e pública no noso idioma, sendo unha firme defensora do seu uso en todos os ámbitos.

Pilar Neira



Vero Boquete



Considerada unha das mellores futbolistas do mundo na actualidade, comezou a súa traxectoria deportiva no Xuventú de Aguiño en 2001. Xogou posteriormente no Prainsa Zaragoza e no RCD Espanyol de Barcelona, onde comezou a acadar sona como dianteira. A partir de 2010 comeza o seu periplo mundial en clubs estadounidenses e rusos, e hoxe milita no equipo sueco, participante na Champions, Tyresö FF. Acadou diversos títulos estatais e internacionais e forma parte da selección española de fútbol. Tamén, desde 2007 é a abandeirada da selección galega de fútbol, sendo unha firme defensora da súa existencia.

Verónica utiliza a lingua galega en manifestacións públicas, medios de comunicación, ou charlas divulgativas, en diferentes entidades do país.

Día da Ciencia en galego no Cotarelo



Con motivo da celebración do III Día da Ciencia e da Tecnoloxía en Galego a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística eo servizo de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela organizaron esta videoconferencia vía web na que destacados investigadores en Física de Partículas formados en institutos galegos achegarán temáticas de interese curricular para o alumnado e os proxectos científicos que desenvolven na actualidade. CANDO COMEZAMOS A DISFRUTAR DA VIDEOCHARLA, FALLOU A TÉCNICA E QUEDAMOS COAS GANAS.

Fomos ver Vilamor

O pasado 19 de febreiro disfrutamos do filme de Ignacio Vilar e dun coloquio co mesmo no Auditorio de Vilagarcía.



#recitandocelsoemilio no Cotarelo

O pasado 12 do 12 ás 12 ía pasar algo na entrada do Cotarelo. A sorpresa, como verás neste vídeo non se desvelou ata o final. Parabéns aos alumnos e alumnas de 1º de ESO que recitaron o poema Deitado fronte ao mar de Celso Emilio Ferreiro, sobre unha base musical de David Gándara. Estabamos celebrando, xunto con centos de centros do país o centenario do nacemento do escritor. Foi unha convocatoria da Coordinadora Galega de ENDL

12/12/12 ás 12



VISITA DE CARAMUXO CAMISETAS

Diálogos coa nosa contorna



O pasado 15 de febreiro recibimos una visita moi especial. Un exalumno do centro, Xoan Quintás quixo compartir con nós a súa experiencia profesional e persoal que está a levar adiante coa súa recoñecida empresa CARAMUXO camisolas.

Deu un interesante repaso pola historia desta empresa, xurdida na nosa contorna e que hoxe ten xa proxección en toda Galiza e fóra das nosas fronteiras. E como dixo el mesmo, sen renunciar ao uso da nosa lingua, como vehículo de comunicación e creación.



DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Homenaxe ás traballadoras de Conservas Cuca

MANIFESTO LIDO POR ADRIANA PRIMEIRO BACH. O DÍA 8 DE MARZO ANTE AS TRABALLADORAS DE CUCA E A COMUNIDADE EDUCATIVA

O día 8 de marzo celébrase o Día Internacional da Muller, data escollida pola Unesco desde 1977 para facer visible na sociedade o traballo das mulleres por conseguir os dereitos que durante séculos lles foran negados.

Hoxe, 8 de marzo de 2013, celebramos este día cunha pequena homenaxe ás traballadoras de Cuca pola súa loita na defensa do dereito a manter os seus postos de traballo aquí e agardamos que, a mediación política, sexa eficaz para que a empresa reconsidere a súa decisión.

A loita destas mulleres traballadoras súmase a outras moitas loitas de mulleres, ao longo da Historia, que defenderon os seus dereitos básicos como persoas e a igualdade, de mulleres e homes, a todos os niveis, incluíndo ter os mesmos dereitos laborais.

Desposuídas dos seus dereitos, durante moitos séculos, as mulleres centraron os seus esforzos, a finais do século XIX e principios do XX, na defensa do dereito ao voto e á educación para as nenas. Dende a educación e xa no século XXI, queremos mostrarvos, a nosa solidariedade e apoio para que non se peche a vosa fábrica, cun pequeno traballo sobre as "Traballadoras de CUCA", varios debuxos e unha lectura de poemas de autores e autoras galegas.

Len estes poemas:

Biagia(4º ESO), Maheva(4º ESO), Tania(2º Bacharelato), Nuria (1º ESO), Rocío(4º ESO), Ana(4º ESO), Andrea(2º ESO) e Laura (1º de Comercio Internacional).



Andar e falar



Pedra da auga . 18.04.13



Río Ulla . 08.11.12



Valença-Monção 04.06.13



Armenteira. 18.04.13

Entroido 2013



Imaxes do curso

<p>Panos brancos contra a droga</p>

<p>Fran e Noelia no Magosto</p>

<p>Profes no XX aniversario</p>


Magosto



Intercambio Vilagarcía – Châteaugiron

DIARIO DUNHA VIAXE

Venres 8 e sábado 9 de marzo

O venres 8 de marzo era o día escollido para partir a Francia. O autobús recolleu aos do Cotarelo, aos do Bouza Brey e, finalmente, aos de Carril. Todos estábamos moi nerviosos, por fin poderíamos volver a ver aos nosos corres.

O autobús comezou a ruta cara Francia sobre as 13h30. Aquí comezou unha longa, moi longa viaxe. A pesar de ser moitas horas en autobús, pasáronse bastante rápido escoitando música, falando, xogando coas máquinas. Pasamos a noite como puidemos, e chegou o amencer, pero aínda que xa era de día non se vía nada por culpa da néboa. Por este motivo, o condutor non podía ver ben, pasouse a saída para a área de servizo onde estaba previsto parar a almorzar e a asearnos un pouco e acabamos chegando a Rennes antes do previsto. Cando baixamos fomos á procura duns baños, dado que en breves iámonos atoparnos cos nosos franceses e debíamos ir presentables. Coa mala sorte que tivemos fomos a dar ao bar perfecto; onde a hixiene non era algo principal desde fai xa moito tempo (porque co sucio que estaba tiña que estar así desde fai xa bastante tempo)

Para poder asearnos como era debido, fomos aos baños dun centro comercial, e xusto despois encontramos aos nosos *corres*.

Fomos todos en metro ata o *Marché des Lices*, onde fixemos un rallye. Visitamos os postos de flores, de verduras, de peixe. Tamén vimos a parte cuberta, onde se vende pan, pasteis, mel, queixos,

É moi bonito! Estivemos por alí unha horiña e despois volvemos en metro a coller o autobús para ir a Châteaugiron. Alí reunímonos coas familias.

Domingo, 10 de marzo

Cando cheguei á casa do meu *corres* François quedeime impresionado porque era moi bonita

e enorme. Logo nos fomos a dormir ás 12. Non é o normal aquí o de deitarse tarde pero bueno como era o primeiro día tiñamos que contar-



nos moitas cousas e ademáis era fin de semana... A mañá seguinte levanteime ás 11:30 almorzei e estivemos xogando coa Wii. Xantamos e fomos á piscina con moitos outros compañeiros do intercambio. Non fixen fotos porque non tiña a miña cámara. Na piscina pasámolo xenial e foi moi divertido, logo tivemos que irnos todos á casa. (Javier Arias)

Luns 11 de marzo

Hoxe luns espertamos sobre as 7 da maña para ir ao "collège" cos nosos correes. Déronnos a benvinda no comedor. As dúas horas seguintes tivemos clase. A primeira foi de español e a segunda de inglés e foi divertido, despois comemos na cantine. De menú tivemos "friand", "steak", xudías e de postre compota de mazá. Ao rematar dirixímonos ao concello de Châteaugiron e o concelleiro de educación Monsieur Carbonel, contounos cousas sobre a vila.

Logo tiñamos unha proba de orientación no estanque, organizada polo profesor de educación física Jean Louis Busson. A proba consistía en atopar as respostas a unhas preguntas que tiñan preparadas os profes. a miña equipa quedou en cuarto lugar. Ao chegar a casa a miña correes" (Morgane) falou cunha das súas amigas que tamén recibe a unha "correes" galega na súa casa, e viñeron as dúas con nós. Bailamos, xogamos á wii e ceamos antes de irnos para a cama. Espero que mañá sexa un gran día.

(Paula Novo)

Día 12 de marzo

Onte pola tarde nos comunicaron que para hoxe se suspendía o transporte escolar en todo o departamento debido ás previsións de nevadas. Para evitar riscos, tamén decidimos suspender a actividade de hoxe: visita a Saint Malo. Isto é o que se

veía pola mañán dende a nosa ventana. (As profes)

Mércores 13 de marzo

Este día acabamos todos moi cansos debido á camiñada que fixemos por todo Rennes. Comezamos a xornada no Parlamento de Bretaña, despois fomos á praza do Concello onde fixemos tempo para ir á oficina de turismo. Alí agardamos un anaco ata que uns guías nos levaron facer unha visita guiada ao Parlamento. Este é un dos edificios máis importantes de Rennes que foi totalmente destruído por un incendio e reconstruído posteriormente. Todas as salas que visitamos pareceronnos impresionantes, cheas de pinturas, adornos e dourados. Todo estaba moi recargado menos as salas de xuízos que tiñan unha decoración máis sinxela. Logo do Parlamento fomos comer a un centro comercial cercano que se chamaba La Visitation e tivemos tempo libre ata as dúas que fomos de novo ata a oficina de turismo para facer outra visita guiada. Esta vez pola zona vella de Rennes.

A visita combinaba as explicacións dos guías con un xogo que consistía en resolver unha serie de preguntas sobre diferentes monumentos e tamén en realizar algunha proba, así víamos a cidade dun xeito distinto de paso que conseguíamos puntos que máis tarde podíamos canxear por chuches.

Estas probas duraron máis ou menos dúas ho-



ras nas que percorremos moitas rúas, prazas e rincóns escondidos da cidade. Ao rematar voltamos unha vez máis a oficina de turismo onde fixemos o canxe dos puntos pola merenda. Foi moi divertido e nutritivo á vez. Para rematar tivemos un tempinho libre que aproveitamos para dar unha volta polas rúas que xa coñecíamos do centro histórico.

Xoves 14 de marzo

Hoxe tivemos un cambio de programa. Pola mañán visitamos Saint-Malo, esta visita estaba prevista para o martes pero como nevou e o transporte escolar suspendeuse non puidemos facela, entón as profes pensaron que estaría ben ir porque é unha cidade moi bonita. Despois pola tarde saímos cara ao Mont Saint-Michel. Xantamos ao lado do autobús, facía moitísimo aire. Subimos na "navette" que nos levou ao Mont Saint-Michel. Para facer a visita fixemos tres grupos. En cada lugar da abadía a profesora contábanos a historia dese lugar e despois facíanos preguntas. Ao rematar a visita, deixáronnos tempo libre para facer o que quixeramos. O día foi moi divertido aínda que un pouco cansado porque había moitas costas ata chegar á abadía.

(Sergio Gracia)

Venres 15 de marzo

Hoxe participamos na saída tanto os bretóns coma os galegos. A primeira parada foi o submarino Espadon que hoxe en día está acondicionado como museo. Por dentro é grande, estreito e está cheo de todo tipo de instrumentais, máquinas, aparellos e mobiliario necesario para a supervivencia no seu interior. O conxunto resultaba bastante claustrofóbico e máis pensando que o seu único fin nos tempos en que foi construído era a guerra. Este submarino está situado nun antigo búnker construído polos alemáns durante a II Guerra Mundial e que foi usado como base de operacións durante toda ela. Ao saír fomos todos a azotea do búnker para ter unha visión de toda a estrutura.

Logo fomos comer e tivemos bastante tempo

libre que aproveitamos para dar unha volta por un centro comercial cercano. Pola tarde fomos a Guérande que é unha cidade medieval moi bonita. Aí tivemos un Ralley e tempo libre para curiosear e percorrer as rúas desta cidade.

Despois de eso xa voltamos para Châteaugiron e expuxemos no bus os traballos realizados durante o curso para preparar estas visitas os martes ao mediodía.

O sábado 16 e o domingo 17 estivemos en familia.

Luns 18 de marzo

O luns 18 pasámolo na escola porque ao día seguinte marchabamos cara a París e o conductor tiña que descansar.

Estivemos vendo unha película chamada "As mulleres do 6º piso" e logo fixemos unhas actividades relacionadas coa peli.

Comemos no comedor escolar. Había peixe con arroz.

Antes de marchar aos xogos deportivos tivemos un acto de plantación do camelio que lle trouxeramos de Galicia para o colexio. Chamámolo o "camelio da amizade". Había un representante de cada centro escolar que colaboraron na prantación e o "Principal Adjoint" fixo un pequeno discurso. Está no xardín na zona de paso da entrada, así os nosos "corres" terán un recordo noso cando chegan e cando marchan do colexio.

Logo fixemos uns xogos deportivos nos que participabamos en grupos.

Martes 19 de marzo

Este foi o día máis triste de todos xa que nos tivemos que despedir dos nosos correspondentes aos que neses días collerámoslles moito cariño, ao principio da mañá erguémonos cedo e rematamos de facer a maleta, almorzamos e despedímonos da nosa familia francesa. Cando chegamos ao colexio e tivemos que despedirnos dos nosos franceses, choramos moito xa que probablemente non os veríamos máis.

As nosas francesas, por sorte, veñen este verán pero custounos moito despedirnos de

aquele precioso sitio chamado Châteaugiron. O primeiro que visitamos foi Notre Dame e foi realmente increíble. Logo visitamos unha ponte chea de cadeados, máis tarde fomos no metro, que para algúns era a súa primeira vez, fomos aos Champs Elysées, Place de l'Opéra... Ceamos no bateau-mouche nun paseo polo Sena e vimos moitos sitios. Para rematar marchamos ao hotel onde a nosa habitación cheiraba a tabaco e cambiáronnos a outra.

(Anabel Domínguez e Tamara Sie)

Mércores 20 de marzo


Despertámonos tarde porque non nos soou a alarma. Almorzamos no hotel nun buffet libre onde todo estaba moi rico. Comezamos a nosa visita de París polo museo do Louvre no que vimos moitas obras importantes como a Gioconda, a Venus de Milo etc. Máis tarde tomámonos un descanso no Starbucks de O Louvre. Collemos o metro e fomos á Torre Eiffel. Arriba facía moito frío aínda que as vistas eran increíbles, despois volvemos ao metro para saír a comer e o que non sabiamos era que as nosas profesoras nos levarían a comer ao Hard Rock Café!

Ao rematar de comer fixemos algunhas comprinhas e seguimos visitando París. Pasamos diante do Moulin Rouge e subimos a Montmartre onde tamén fixemos as compras de última hora para as nosas familias e amigos. Tamara mercou unha taza para a súa avoa que non durou moito tempo enteira na bolsa: total por un golpeciño de nada contra o borde da acera!! :(Volvemos coller o metro e fomos ao museo de arte moderno Pompidou no que non entramos porque había moita xente e tiñamos que ir cear para marchar. Ceamos e collemos as maletas do hotel para saír cara España. A viaxe foi moi longa pero mereceu a pena xa que foi unha das nosas mellores experiencias da nosa vida.

(Anabel Domínguez e Tamara Sie)



AS SORPRESAS DAS PRAIAS



David Gondar Piñeiro

OS MATA DRAGONS




Fai moito tempo
 cando os dragons
 existían. Haba dous
 coradores con xus
 asistentes que vi
 vivían en rumbas aldeas
 medievais



Deseño e guiión: David Gondar 2º eso

MALA SORTE


NO FONDO DO RÍO
ME MAN...



OS PESCADORES FIXERONLE VARI-
AS PROBAS CANDO DE REPENTE...



CANDO A DEIXARAN...




OSO BO

HABÍA UNHA VEZ TRES MENOS AOS QUE LLE ENCAJTABAN AS AVENTURAS UN DÍA DECIDIRON IR AO BOSQUE QUE ESTABA PRETO DA SUA CASA




OS TRES MENOS FÓRONLLE PEDIR PERMISO Á SÚA NAI.




COMO O OSO NON LLE FIXO NADA AOS MENOS, A PARTIR DESE DÍA OS MENOS XOGARON CO OSO PARA SEMPRE.





FIN





UN DIA
DE PRAIA



Desenho e guião: Cristina Feijoo 1º eso

olarchandocotarelo.blogspot.com
equipo de dinamización lingüística
ies armando cotarelo
vilagarcía de arousa
xuño de 2013

